



**ANPA “A Barxa” do CEIP García Barbón**  
Serafín Avendaño, 20 36201 Vigo (Pontevedra)  
660 175 215 / [anpa.garcia.barbon@gmail.com](mailto:anpa.garcia.barbon@gmail.com)  
<http://anpagarciabarbon.org/>

## RESUMO DA SITUACIÓN ACTUAL DE AULA MATINAL, COMEDOR ESCOLAR E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Vigo, 4 de setembro de 2020

1. A Xunta directiva da ANPA “A Barxa” CEIP García Barbón leva traballando durante todo o verán en coordinación co equipo directivo do CEIP García Barbón no estudo das medidas e adaptacións necesarias para poder dar o servizo de comedor, aula matinal e actividades extraescolares tendo en conta a normativa que o protocolo para os centros educativos non universitario das Consellerías de Educación, Universidades e Formación e de Sanidade establece.
2. Encargouse a empresa Sociedad PREVENCIÓN O PROTOCOLO ACTUACIÓN RIESGO POR CORONAVIRUS ANPA “A Barxa” COVID-19 (elaborado con data 22 de xullo de 2020).
3. A nosa ANPA está unida a FOANPAS (Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnado de Vigo e Comarca), entidade a través da cal se xestiona o comedor escolar e recibe subvencións para reducir o seu coste.
4. O 13 de agosto do 2020 tivo lugar unha reunión en FOANPAS, onde estivemos presentes xunto con outras 34 ANPAS máis da Federación, ca finalidade de adoptar unha postura conxunta sobre a organización do comedor, aula matinal e extra escolares para o próximo curso segundo os protocolos da Xunta. Desta reunión publicouse a seguinte resolución (adxunto). A nos, o igual que a outras ANPAS preocupámonos:
  - Asumir nesta situación de pandemia a responsabilidade do que poda acontecer por ofrecer os servizos de comedor, aula matinal e extraescolares, pois nos non somos profesionais sanitarios ni especialistas en prevención. Pensamos que debería de ser a Xunta a que asumira dita responsabilidade, ademais de ser a encargada de elaborar con persoas especializadas ditos protocolos; pois nos só somos familias voluntarias.
  - A necesidade de que a Xunta aporte os recursos materiais (xeles hidroalcohólicos, mamparas, sinalización, etc) para levalos a cabo, cumprindo o protocolo específico e os recursos humanos necesarios para cumprimentar as quendas e atender o alumnado NEAE (coidadores/as para alumnado NEAE).



**ANPA “A Barxa” do CEIP García Barbón**  
Serafín Avendaño, 20 36201 Vigo (Pontevedra)  
660 175 215 / [anpa.garcia.barbon@gmail.com](mailto:anpa.garcia.barbon@gmail.com)  
<http://anpagarciabarbon.org/>

Nos mostramos o noso apoio as reivindicacións solicitadas por FOANPAS a *Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional* pero sempre trasladamos que nos continuabamos traballando ca intención de poder dar estes servizos tan necesarios para as familias.

Nos antes desta data xa trasladaramos as nosas necesidades e reivindicación a FOANPAS como que se reclamara a Xunta de Galicia a **dotación de persoal sanitario** nos centros educativos. É unha reivindicación que leva anos facéndose, pero consideramos que nas circunstancias actuais era máis necesaria que nunca.

5. Este 1 de setembro celebrouse unha nova reunión en FOANPAS, na que nos mostramos a nosa preocupación por garantir a conciliación familiar, persoal e laboral das familias neste momento tan delicado, sobre todo naquelas situacións de maior vulnerabilidade. Por elo fomos increpados/as por outras ANPAS, dicíndonos que nos, as familias, non eramos as responsables de non garantirse a conciliación senón a Xunta de Galicia por non negociar as reivindicacións e non escoitar ás ANPAS.

Comentouse que esta reunión non era para votar senón para acordar medidas de protesta, pois a Xunta de Galicia non tivera en conta as solicitudes feitas, polo que se procedía a acatar o establecido na reunión anterior (plante da xestión de aula matinal, comedor escolar e extraescolares) e que sexa a Xunta de Galicia a que asuma a súa xestión.

6. Neste momento temos dúas opcións:

Opción 1- Manter a posición de FOANPAS, e non xestionar o servizo de comedor, aula matinal e actividades extraescolares (por agora **actividades extraescolares non van comezar**, debido as recomendacións do Ministerio de Educación).

Opción 2- Saír de FOANPAS (con todas as consecuencias que elo con leva e xestionar este servizos de maneira independente). Algunhas das consecuencias serían:

- A confrontación simbólica con outras ANPAS de centros públicos de ensino e polo tanto unha división.
- Que se nos empregue politicamente con fins partidistas.
- Aumento do coste do comedor (xa que FOANPAS é a encargada de xestionar a subvención do concello para este fin), e a demais na negociación



**ANPA "A Barxa" do CEIP García Barbón**  
Serafín Avendaño, 20 36201 Vigo (Pontevedra)  
660 175 215 / [anpa.garcia.barbon@gmail.com](mailto:anpa.garcia.barbon@gmail.com)  
<http://anpagarciabarbon.org/>

co catering non manexamos tanto alumnado coma conxuntamente con outros colexios. **O incremento suporía, unha subida sobre o prezo actual dun 30%**, intentaríase traballar dende a directiva do ANPA, que este incremento fose asumido polas administracións, tratando de canalizar as axudas directamente.

- **As familias bolseiras do Concello tamén terían que abonar a diferenza do custe que non cubre o importe que lles concede o concello.** Pois ata agora deste importe facíase cargo FOANPAS.

Opción 3 -Tratar de forzar a FOANPAS a convocar unha nova asemblea para realizar unha nova votación, e se novamente a decisión saíse de non abrir o servizo de madrugadores e de comedor, saír de FOANPAS.

Xa que ambas opcións teñen considerables consecuencias para a comunidade educativa do CEIP García Barbón, a Xunta directiva da ANPA "A Barxa" CEIP García Barbón non quere tomar esta decisión sen a consulta ao conxunto das familias socias. Neste momento estamos estudando como facer a consulta vía telemática, pois solicitamos poder realizar unha asemblea extraordinaria das familias socias no patio do colexio pero foi denegada por medo a demasiada aglomeración de persoas.

Tamén trasladar que no caso de que se optara pola Opción 2 necesitaríamos persoal voluntario para colaborar na ANPA, xa que actualmente a xunta directiva está a mínimos en canto a membros, e toda esta situación da pandemia requiriu de nos máis dedicación. E nos só somos familias voluntarias do colexio cos nosos traballos e familias, que estamos aquí porque queremos o mellor sistema educativo para os nosos fillos e fillas, pero tamén porque necesitamos o igual que o resto das familias os recursos necesarios para conciliar a nosa vida familiar, persoal e laboral.

Atentamente,

A XUNTA DIRECTIVA